

Encontro con Jesús Castro Yañez, autor de *Campo de plumas*

Alicia Anta Fernández^{1,a} 

¹ Centro Ramón Piñeiro para a investigación en humanidades, España

 aalianta@usal.es

Recibido: 13/01/2022; Aceptado: 02/11/2022



Dirixida a un público xuvenil—se ben o seu autor afirma que “é un libro disposto a achegarse a quen llo permita”—, *Campo de plumas* (Sushi Books, 2021) é unha obra que recolle poemas de temática LGBT de diferentes autores dende a Antigüidade até os nosos días, moitos deles amplamente recoñecidos no panorama da literatura universal. Para Jesús Yáñez Castro (Baltar, A Pastoriza, 1992), a concepción da poesía LGBT non implica discursos de amor, senón de identidade. Segundo nos comenta na entrevista: “Ser unha persoa LGBT non é so amar, senón tamén ser. Os poemas que nos atopamos neste libro non son só poemas de amor... hai tamén poemas de autocensura, de culpa, de vergoña, de homofobia interiorizada, de denuncia social, de ton intimista...”.

Odontólogo de profesión, sempre compaxinou os seus estudos coa escritura. De feito, asegura que sente dende neno unha pulsión creativa e interese pola linguaxe. Con dezasete anos, gañou o Premio Minerva de poesía (2010) co seu poema “De paxaros e outros minerais”. Para el foi toda unha revelación e, dende entón, sentiu o impulso de seguir escribindo. Coa destreza da súa pluma, continuou a gañar outros premios como o Premio de poesía Díaz Jácome (2012), o Premio de relato breve Nélida Piñón (2015) ou o Premio nacional de poesía Pérez Parallé (2015), que lle permitiu publicar o seu primeiro poemario *Os nomes e os himnos*, ao que lle seguiría *Ultramarino* (2017).

Entre outros proxectos, ten publicado poemas en revistas como *Dorna* ou *Obituario*. Recentemente, tras ser contactado pola Deputación de Pontevedra, realizou obradoiros de escritura con motivo do ano das Letras Galegas de Xela Arias con alumnado de varios colexios e institutos da provincia.

Campo de plumas é o resultado da súa primeira experiencia como compilador. Isto é o que nos conta acerca da obra:

ALICIA ANTA FERNÁNDEZ. *Como esperaba vostede a acollida do libro e como está a ser?*

JESÚS CASTRO YÁÑEZ. Para ser poesía e en galego, penso que está funcionando. Chegou aos lugares que tiña que chegar e déuselle a cobertura mínima que podía ter. Creo que está cumprindo co obxectivo de chegar á mocidade, que é o público para o que está enfocada esta obra. Cóntame que hai clubs de lectura de institutos que están lendo este libro e tamén no *Queeruña*, que é un club de lectura *queer* na Coruña. O exercicio da lectura non é tan pasivo como pode parecer a simple vista, se o comparamos coa escritura. A experiencia comunitaria da lectura é unha cousa moi enriquecedora.

AAF. *Como xorde a idea dunha compilación de poemas con temática LGBT+ en galego?*

JCY. Xorde polo interese do meu editor por nutrir o baleiro da temática LGBT no mundo editorial galego. Claro que hai material LGBT na nosa literatura, pero penso que está máis agochado. Vénme á cabeza, por exemplo, o poemario de *Claus e o alacrán*, de Lara Dopazo Ruibal e tamén a meirande parte da poesía de Antón Lopo ou de Andrea Nunes Brións. É dicir: hai poesía LGBT? Si. Hai poesía LGBT en Galicia? Si. Porén, pode que con este libro sexa a primeira vez que se faga de maneira tan explícita, cunha cuberta que xa anticipa o que te vas atopar. O certo é que non se me puxo ningún tipo de limitación máis alá do que era a proposta: unha compilación de poesía LGBT en galego de poetas ao longo da historia e que fose un libro orientado a un público xuvenil. É máis, as únicas limitacións que tiven impúxenlas eu mesmo. Por exemplo, xorden moitas dúbidas no tratamento do texto ao pensar na poesía LGBT e na poesía xuvenil como nichos de márketing, xa que non son, en absoluto, categorías inocentes. Interesábame anular os prexuízos e expectativas que moitas veces pesan sobre elas.

AAF. *Aínda que parece bastante transparente, por qué o título *Campo de plumas* e non outro? Influíu o xeito de que a voz pluma e os seus derivados (*desplumado*, por exemplo) aparecen en varios poemas?*

JCY. O do título deume moito traballo, pois era a primeira vez que tiña que titular algo que non era meu e que dalgunha forma servise para entender e facer un adianto de todo o que está aquí contido. Non tiña que dar voz, porque isto xa ten voz propia, pero si poñer un letreiro... Barallei moitos nomes como *A nova luz* ou *A luz distinta* —título que por certo, xa estaba utilizado— (*ri*). Logo tamén pensei en títulos, ao meu parecer, aínda máis abstractos como *No horizonte hai unha festa*, *Tránsito de ecos* ou *Arquipélago en tránsito*... até que un día pensei na construción “campo de nabos”, que é unha cousa como moi visual (*ri*) e que todo o mundo identifica, e pensei... que sería o contrario? Un campo de plumas. Xorde así o título como unha especie de xogo entre *pluma* coma instrumento de escritura e *pluma* da locución “ter pluma”, como unha manifestación doutra forma de ser, do que se espera de cada marca de xénero; “ter pluma” non só ten por que facer referencia ao que a sociedade entende por un “home afeminado”; penso que, por extensión, corresponde a calquera persoa que se expresa de maneira distinta aos roles de xénero que a sociedade outorga. Cando o tiven claro, envieille o título proposto ao meu editor, que lle encantou. Díxome: “Ah! Pois funciona”. (*ri*). Ademais, a “pluma” como concepto, é algo moi lixeiro, imposible que manque, unha cousa moi amable... Creo que o título é acertado.

AAF. *Que criterio levou a cabo para a escolma dos autores e dos poemas?*

JCY. Segúin un criterio totalmente libre, aínda que canto máis libre, máis nesgos comprende. En primeiro lugar, un nesgo de gustos e afinidades literarias propias. En segundo lugar, un nesgo de coñecemento, posto que non conto nin aspiro a ter o coñecemento absoluto de ningunha categoría —incluída a poética—, e a miña ambición, intelixencia, alcance económico e disposición temporal para ler a literatura de todo o mundo é moi limitada. Por outro lado, os libros que hai ao meu alcance tamén contan cun nesgo lingüístico, xa que hai moitas obras as que non podo acceder, ben por descoñecemento da lingua orixinal nas que están escritas, ben por non contar con traducións suficientes para o seu estudo. Outras en cambio, perdéronse ao longo dos séculos, como ocorre por exemplo coa meirande parte da poesía de Safo, que sería un nesgo histórico-temporal. O que si que tiña claro para esta escolma era introducir poetas de épocas moi distintas e de procedencias moi dispares. Eu, por exemplo, cheguei á literatura de Abu Nuwas ou Wu Tsao pescudando moito e grazas a traballos realizados que me deron pistas da existencia destes autores. No instituto case non estudamos autores doutros continentes ou doutras culturas e, a menos que ti te especialices nunha carreira —en estudos literarios dalgunha lingua— ou que teñas a sorte de ter unha ampla bagaxe cultural, coñecer esta literatura esixe tempo e contacto con gran cantidade de materiais diversos. É certo que gran parte da literatura aquí recollida provén do canon occidental ou de literatura estadounidense, pero tamén foi onde este tipo de literatura puido ter un lugar no que desenvolverse con maior facilidade. Outro criterio que segúin para esta escolma foi poñerme na pel do lector: quería que a persoa que tivese nas mans este libro, non atopase dous poemas iguais. Creo que iso conseguino. Resumindo, co tempo e o coñecemento limitado que eu tiña, e obedecendo aos meus gustos, intentei abranguer o máximo posible.

AAF. *Din que os escritores adoitan ser revisores da súa obra mesmo unha vez publicada. Bota agora en falta algún autor ou autora que non se inclúe na escolma?*

JCY. Sempre hai unha aprendizaxe perpetua, e sempre estás a coñecer novas obras e novos autores e mesmo obras que xa coñecías pero que finalmente, recoñeces noutras perspectivas ou interpretacións. Non obstante, despois de facer a entrega, intentei non pensar moito o de se boto en falta algún autor ou autora na escolma porque quería evitar pensamentos do tipo: “non metín este autor que era totalmente axeitado, que cubría un espazo que non quedou cuberto...”. A obra non debe interpretarse como un quebracabezas completo e gustaríame que

as ausencias apunten cara algún lugar e servisen de estímulo para cubrir necesidades futuras. Esta obra non pretende ser un tratado absoluto, se non máis ben un camiño de entrada.

AAF. *Até que punto a súa obra poética anterior estivo influenciada por algún dos poetas que se recolle nesta escolma?*

JCY. Os primeiros poemas que fixen eran plaxios absolutos de Lorca (*ri*). A primeira toma de contacto que tiveron coa súa obra foi con *Romancero gitano*, libro que atopei un día, aburrido, con dezasete anos, nun estante da casa. Nun intento de imitar —pero non con vontade de copiar—, púxenme a escribir os meus primeiros versos, pero agora que os vexo e os reviso, penso... chico, ten un pouco de vergonza! (*ri*). Tiña claro que Lorca era un poeta que eu quería incluír aínda que só fose para saldar esa débeda persoal que eu contraera e que quedase claro e ben exposto que esa influencia lévoa por bandeira e que non a esconde. Do mesmo xeito, tamén tiña claro que quería incluír a Gloria Fuertes, que ademais de ser unha escritora tremenda, tiveron contacto de neno cunha obra súa, *La selva en verso*, que aínda que non era o que moita xente entendía por poesía, si que o era: eu aínda recordo un poema cuxo protagonista era unha balea que tiña un corazón que pesaba milleiras de toneladas, ou dun sapo que se chamaba Tadeu que ía á escola ao lombo dun rato. Iso eran poemas. E eu coñecía a poesía aí só que non me dei conta nese momento. Poderíamos dicir que introducín a Gloria Fuertes nesta escolma tamén como débeda persoal, e tamén para que quedase constancia de que durante moito tempo, non se lle recoñeceu neste lugar da literatura e que, indubidablemente, merece estar aí. É unha maneira de reverter esa inxustiza de que se intentase tapar a súa orientación sexual en pos dunha escritora de literatura infantil entrañable e televisiva.

AAF. *No relativo ao labor de tradución, que obstáculos atopou vostede á hora de traducir os textos ao galego de maneira non directa, é dicir, a través de traducións anteriores noutros idiomas coma o inglés?*

JCY. A pesar de que non cursei estudos filolóxicos ou relativos á tradución, manexo linguas como o inglés, o francés e o italiano —ademais, por suposto, do galego e o castelán—, e levo traducindo textos literarios de forma *amateur* e por pura diversión dende hai anos: no meu blog, por exemplo, sempre había cabida para poemas traducidos por min; outras veces, lía libros que de maneira paralela ía traducindo. Penso que a lectura máis íntima que podes facer dun texto é traducilo porque aí comprendes a máquina das palabras doutra maneira; entendes que pequeno engrenaxe ten cada palabra dentro de cada cousa. Respondendo á túa pregunta, direiche que moitos autores e autoras que están aquí pertencen á literatura universal e xa se conta con moitas edicións críticas, con moitas traducións... Entón en casos nos que eu tiña algunha formulación inexacta ou dúbidas en certo verso ou palabra, acudía a estas fontes xa estudadas e publicadas. Recordo que nun poema de Dickinson aquí recollido, cheguei a consultar até seis versións distintas (unhas non me gustaban, outras non eran o que tiña eu en mente, outras tiñan articulacións sintácticas diferentes...). Intentei ser moi crítico e coller o mellor de cada tradución engadindo, por suposto, a miña propia colleita. Penso que un texto sempre se debe entender dende a súa época e hai fragmentos ou sentidos que non se deben modificar. O poema non debe manipularse de forma plástica e convertelo no que a cada un lle dea a gana, pero si se pode articular de maneiras distintas mantendo o carácter fiel ao orixinal.

AAF. *No relativo ao proceso de documentación, que obstáculos atopou vostede á hora de acudir ás fontes?*

JCY. Como comentaba anteriormente, á tradución hispánica e estadounidense foi moi fácil acceder. Recoñezo que tamén houbo nos últimos anos moitos estudos, moitos traballos de investigación —como os de Cristina Domenech, que recomendo encarecidamente—, que desenvolveron estas facetas e axudaron a visibilizar esta temática. Pola contra, cando tentaba

buscar algo accesible, por exemplo, da tradición literaria asiática ou da África precolonial, resultábame case imposible debido aos atrancos históricos e lingüísticos. Son consciente de que non se pode chegar a todos os lados. Hai moitos camiños que están tapiados.

AAF. *Como chegan até vostede todas esas voces de autores procedentes da literatura árabe, rusa e chinesa, que a diferenza das de Lorca, Sor Juana Inés ou Dickinson, entre outros, son menos coñecidas?*

JCY. As primeiras semanas de traballo foron moi doadas porque eu tiña claro xa varias liñas de desenvolvemento que quería tratar: a homofobia interiorizada dalgúns poemas de Lorca, a revalorización e reinterpretación sáfica de moitos poemas de Dickinson etc. Pero logo chegou un punto de estancamento, xa que me decatei de que tan só estaba incluíndo poetas hispanofalantes e anglofalantes, e pregunteime “que pasa co resto do mundo?” Entón comecei a pescudar de forma máis activa novos textos en novas linguas. Estudei, investiguei e accedín a unha ampla bibliografía que me fixo coñecer moito máis a fondo outras dinámicas, outros sistemas e outros autores. Recoñezo que levei algunha que outra sorpresa: por exemplo, descubrín autores e autoras que xa me soaban ou que xa coñecía, pero que non me decatara de que se podían incluír nesta escolma, ben pola súa orientación sexual, ben pola temática dalgúns dos seus textos. En xeral, penso que hai un camiño ao longo dos séculos que está a medio facer e máis ou menos visible, onde un ten que ter a vontade de mergullarse. Cando comezas a exploralo, descubres que hai infinidade de traballos feitos, de antoloxías. Hai moito camiñado.

AAF. *Quen le o libro, dáse de conta de que os autores están ordenados cronoloxicamente por ano de nacemento. Chama a atención o salto que vai dende Abu Nuwas (nado no século VIII) até Sor Juana Inés (autora do barroco). A que se debe ese salto tan grande de oito séculos?*

JCY. Tiven varias consideracións ao respecto. Algunhas das preguntas que eu me formulaba eran: “que podemos entender como literatura LGBT e que non?”; “até que punto unha “reescritura” dun poema pode estar fundada” e “é o mesmo concepto de homosexualidade no amor grego ou en Abu Nuwas, por exemplo, que o que hai hoxe en día? Evidentemente non. Dábame medo facer unha reescritura errónea ou algunhas interpretacións homoeróticas de textos cuxos estudos non contan con estas perspectivas de análise. Preferín ser cauto neste sentido e de aí unha escolla tan selecta. Cabe dicir que o baleiro deses oito séculos responde tamén á ausencia de tradición literaria escrita na Idade Media, xa que a tendencia era máis ben oral e gran cantidade de textos escritos desapareceron.

AAF. *Hai algún poema que lle guste especialmente ou que tiña claro dende o principio que non podía faltar no libro? Por que?*

JCY. “No Castro”, de Mary Jean Chan (172). Gústame moito. É dos máis recentes. Este poema fala dos atentados que se produciron nun club gai de Orlando no ano 2016, onde morreron corenta e nove persoas. É algo que vemos tan inmediato que igual non lle damos a importancia que ten, xa que o feito queda somerxido no balbordo da actualidade. Quizais dentro de cincuenta anos, este poema quede coma un vestixio mediante o cal a xente poida acceder ao coñecemento deste acontecemento histórico. Aínda que a composición aborda esta masacre de forma poética, non deixa de ser un testemuño das tensións que se producían nun lugar e momento concretos.

AAF. *Pola contra, hai algún poema que dubidase até o último momento de se incluílo ou non?*

JCY. Penso que non. Non me vou contradicir polo momento, aínda que contradicirse é unha cousa moi sa. De momento, non chegou a hora (*ri*). Houbo moitos poemas que quedaron fora (*fóra*), polo que ao final, os que quedaron aquí, foi porque houbo outros que non chegaron a cruzar todo ese proceso penedoso: había algúns poemas que non me parecían o suficientemente interesantes; outros que eran redundantes ou cuxas traducións finais non me

convencían; e outros, simplemente, porque non os consideraba axeitados para o público xuvenil.

AAF. *Como ve vostede a situación actual das persoas LGBT+ no noso país? Cre que aínda segue a haber discriminación ou que, pola contra, goza dunha ampla tolerancia pola meirande parte da poboación? Onde o nota especialmente? Que grupo concreto deste colectivo cre que sofre máis a discriminación?*

JCY. Se me preguntas por se se avanzou en dereitos para as persoas LGBT, si, mais hai unha pantasma que recorre Europa hoxe en día, que é a ultradereita, que provoca moitas tensións tanto na esfera pública como na privada, e todas esas “ondas expansivas” chégannos, altérannos e todo ese ruído acaba condicionando condutas e escollas no noso día a día. Avanzouse moito nas últimas décadas no noso país? Evidentemente. Todo iso coexiste con tensións resurxidas por circunstancias e condicionamentos políticos que fai que nos formulemos que non avanzamos tanto? Tamén. Penso que na actualidade hai modelos hexemónicos de masculinidade que se ven ameazados e que, por mera reactividade, os “afectados” intentan reconquistar eses espazos que pouco a pouco foron cedendo ante a presión do feminismo, do colectivo LGBT etc. Respondendo a outra das túas preguntas, si. Penso que non en poucas ocasións, moitas persoas LGBT seguen a sufrir a discriminación. Ás veces só basta con prender o televisor e ver a cantidade de agresións lgbtifobas que ocorren a diario. Un dos colectivos máis afectados penso que é o das persoas trans.

AAF. *Cre vostede que quedan algunhas siglas do colectivo sen representar nos textos desta escolma? A que se debe?*

JCY. Si e non (*ri*). Intentei introducir obras moi distintas, personalidades tremendamente diferentes... e non sei se todo o mundo queda representado. Do que non teño dúbida é de que hai puntos de partida para que todo o mundo, que o busque, poida identificarse. A poesía é moi maleable, aberta a interpretacións. Podes verter dentro o que che apeteza, facerlle diferentes usos en cada momento. Penso que este libro é tremendamente mutante: os seus poemas son coma un espello cuxa imaxe reflectida pode ser polimorfa e servir a múltiples propósitos e, nese sentido, mal se tería que dar para que un lector ou lectora non atopase similitudes ou liñas paralelas que se entrecruzasen co que está buscando, cunha identidade.

AAF. *Independientemente da orientación sexual e identidade de xénero que poidan ter os lectores adolescentes, con que autor ou autora cre que poderían “empatizar” máis?*

JCY. Creo que Gloria Fuertes é unha das autoras máis transparentes e accesíbeis que pode haber nesta compilación. Por outra banda, a obra de Pat Parker é tan directa e interpela tanto ao oínte... Son poemas que parece que che están berrando! Son tremendamente interesantes porque non teñen ningún tipo de filtro... pónenlle diante da cara ao lector situacións que coñece perfectamente, ás veces desexa desviar a mirada ou facer oídos xordos, pero a autora non lle deixa.

AAF. *Que función cre que cumpre a súa obra dentro do panorama da literatura xuvenil actual?*

JCY. Agardo que non sexa necesaria. Lévome mal co “necesario” (*ri*). Alegroume bastante que non moita xente me dixó que este libro era necesario. Que este libro se considere un triunfo do activismo pareceríame unha lectura moi estreita e prefiro que alguén atope interese literario ou que lle sexa estimulante dende un punto de vista creativo e que non só o perciba como unha cousa útil. As cousas inútiles parécenme moito máis interesantes; teñen que existir cousas inútiles porque significa que escapan de lóxicas de produción e do pensamento tan estendido de que “todo ten que valer para algo”. Entón, agardo que a miña obra non valla para nada, pero que, aínda así, suscite unha relación de afecto, que provoque no lector un alivio, unha sensación de compañía... Que este libro exista, facilitaralle a vida a algún colectivo? Penso

que non. É moito máis útil unha lexislación e aos mozos pode servirilles de forma máis catártica unha pista de baile que un poema, e, aínda así, un poema tamén llelo pode garantir. Polo tanto, gustaríame que a función deste libro fose discreta, modesta, aínda que depende de como se mire, é ambiciosa ao mesmo tempo.

AAF. *Por último, que nos (nós) pode adiantar sobre os seus proxectos inmediatos?*

JCY. No ámbito laboral, estou a facer un traballo de campo: unha empresa da Terra Chá púxose en contacto comigo para levar a cabo a recollida do patrimonio inmaterial do concello da Ribeira de Piquín, que, como se trata dunha poboación moi avellentada, cun decrecemento demográfico moi acusado —arredor de catrocentas persoas, a maioría octoxenarias—, é un patrimonio vivo que é moi susceptible de desaparecer na próxima década. Esa recollida de lendas, historias, manifestacións lingüísticas, etc. Teño que dicir que o traballo de Aníbal Otero, lingüista da Ribeira de Piquín especializado en lexicografía e fonética, servíume de base. Está publicado nun caderno en *Verba*, da Universidade de Santiago, do ano setenta e sete, e nel recolle o vocabulario de San Jorge de Piquín onde rexistra máis de corenta mil entradas que foron recollidas por el ao longo da súa vida. Grazas a este e outros traballos publicados —ademais, por suposto, das entrevistas a toda a poboación local—, puidemos rescatar moito patrimonio, difundilo e salvagardalo. No ámbito creativo e literario, levo moito tempo escribindo poemas que espero que algún día cheguen a ver a luz. Tamén conto co xerme dunha novela que comecei o verán pasado nun obradoiro que se fixo no museo Gaiás, que continúo a escribir, mais non lle dedico todo o tempo que me gustaría. Por outro lado, para o ano que vén publicarase unha tradución feita por min dun libro de Anne Carson, onde, por certo, hai unha parte que fala do camiño de Santiago. Trátase dunha obra que me marcou moito e parecíame pertinente que estivese en galego. Ademais, atrévome a dicir que Anne Carson é unha das poetas máis interesantes do mundo hoxe en día, amais dunha das miñas preferidas.